

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 6 CINTA 1



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0002_006_en_0_45_33_id505_docx

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0002_006_en_0_45_33_id505.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o sexto corte dos que se divide a segunda das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre algunhas artes de pesca e aparellos e as capturas que facían. Tamén fala sobre a instalación dos primeiros motores nas embarcacións de pesca.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que eleximos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcrición realizada no ano por Xosé C. Villaverde Román e revisada por el mesmo no ano 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca , artes de pesca , mediomundo , trueiro , salabardo , embarcación , motor

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 6 DA CINTA 2

- P: Co mediomundo, que mo explicou antes, iso que se pescaba máis ben, ¿a faneca?
- R: A faneca tamén se pescaba pero máis ben o que usaba muito o mediomundo era no Berbés, en Vigo, todos os barcos que había naquel recinto do Berbés, todos iban ó mesmo, como nós íbamos á sardiña, coas traineras, eles usaban o medio mundo.
- P: ¿Para a sardiña?
- R: O xurelo.
- P: O xurelo.
- R: Si, sempre, e iban a remos por Biduido, por aí, aí a Ons e a Sálvora e iso.
- P: E o truel non era arte de pesca era de...
- R: De recoller.
- P: De recoller, de axudar.
- R: Do que estaba encerrado.
- P: Do que estaba encerrado
- R: Había veces de que collían unha cantidade e que non podía abocar abordo ¿non? Entón, para diminuír a cantidade que había aí, collíase co salabardo e despois viñeron os que lle chamaban trueles. Trueles porque para coller co salabardo, e o salabardo para coller o peixe donde está preso no aparello, ten que botarse fóra, a mitad do corpo fóra do barco para coller co salabardo así. Pero co truel é o mesmo truel, o mesmo salabardo pero leva unha vara así en redondo, un tipo así, como este. Leva esta vara e engancha...
- P: ¿E a maioría destas artes de pesca e pezas que se levaban en barcos, non? ¿Que tipos de barcos había?, ¿Para a ardora que se usaba?
- R: ¿Que se usaba cómo?
- P: ¿Que tipos de barcos había? Había a trainera, os barcos de motor, os barcos de máquinas ¿cando empezaron máis ou menos?
- R: Os barcos de máquinas empezaron alá no... vinte e tres ou vinte e catro.
- P: Vinte e tres ou vinte e catro. ¿Quen foi dos primeiros?



R: Porque ¿que pasou?. A zona de Moaña era unha zona de pesca solamente de dúas zonas: boliche, bou, rapeta, bidriles... e dedicábanse uns a facer os da ardora a remos, pero tiña a zona de Cangas. A zona de Cangas dedicábase ó xeito, á sardiña, pero despois cando viñeron as traineras, eles fixeron o barco de máquina, e fixeron coas máquinas de tren.

P: ¿Máquinas de tren?

R: As máquinas eran de tren, máquinas de pé, de caldeira de pé. Chamábanlle de pé as caldeiras que gastaban os trens.

P: ¿A carbón?

R: Sí, a carbón. Pero despois foise movendo un pouco máis,.. deixaron de pescar moito a sardiña. E cando viña o inverno e desaparecía aquí o peixe de aquí, das zonas estas, das rías de aquí de Galicia, pois acudíase a Portugal a pescar a sardiña. Pero non había as embarcacións. Entonces apelaron aquí en Moaña, apelaron a xuntarse catro ou cinco armadores, e xuntar os aparellos e facer un aparello solo. Porque os aparellos para aqueles barcos... Viñan os de Bouzas, pastilleras, chamábanlle pastilleras, máquinas de pé, que andaban ó arrastre, que lle chamaban pastilleras, que andaban ó día. Pois catro ou cinco facían o aparello, e íbanse a pescar a Leixós; porque Leixós naquela época era chegar, cargar o barco e virse para España. Muitas veces, pois empezaron a vir e a modernizarse os motores grandes e foi cando se empezou a...